CAMIÑOS DA MIÑA TERRA

Os camiños son longos.

Os pés dos camiñantes pequenos.
Os camiños son cordós
que nos xunguen cos estranxeiros.

Somentes quedan entras pedras

as lenes pisadas dos homes.

Son ríos de penas

con augas de xentes.

Son campás de eirexas

que berran adioses,

ou regueiros de sangue

que reventan perto de min

e lonxe de min morren.

Camiños...

Corredoiras,

Estradas,

Carreiros....

No mundo sodes pra ir e pra vir

Camiños,

Corredoiras,

Estradas,

Carreiros...

Na miña terra somentes pra´se ir.

MARIA XESUS CAMPOS LOSADA

15 anos

COLEXIO NACIONAL DE FOZ (Lugo)